

## **GALIZA PRECISA MÁIS CA NUNCA QUE AS FORZAS POLÍTICAS PROPIAS A DEFENDAN**

Cando o poder democrático está definitivamente secuestrado polo poder financeiro, unha nación sen estado coma Galiza precisa máis ca nunca que as forzas políticas propias a defendan. A crise bancaria internacional parcheada con cartos públicos, produciu a crise da economía produtiva cuxa saída non se albisca aínda mentres o capital financeiro ameaza aos estados que o salvaron e imponlles políticas antisociais como as que xa estamos a sufrir. Nesta situación o Encontro Irmandiño cre que deixar aparcado o proxecto estratéxico da liberación nacional e social de Galiza sería máis grave ca nunca. A participación institucional para ser útil esixe levar iniciativas que favorezan avances constantes no proceso de autodeterminación, especialmente cando o PSOE claudica diante do poder financeiro internacional e o Goberno Galego do PP está convertido nunha auténtica brigada de demolición dos logros políticos democráticos e nacionais conseguidos ao longo de moitos anos e moitos sacrificios.

O BNG ten que gobernar pero non debe conformarse só con gobernar en institucións que non teñen soberanía dabondo. Ten que recoñecer que estamos na oposición nas institucións autonómicas, e non contemporizar o máis mínimo cun goberno como o do PP que está a demoler o estado do benestar.

Unha forza política nacionalista de esquerda ten que estar máis preto dos sectores sociais que teñen máis claro a identidade nacional e a súa condición de clase, das clases que sofren a agresión económica e a regresión da súa calidade de vida, ten que liderar o proceso de emancipación.

Porque autodeterminación é un proceso que deben liderar os sectores máis dinámicos e conscientes da sociedade galega. O nacionalismo debe achegar recursos para eses procesos e favorecer esas dinámicas.

Para todo iso precisamos unha actuación política máis decidida na sociedade, restablecer as canles cos movementos sociais, coa sociedade civil.

Debemos defender a restitución dos millonarios fondos investidos en salvar á banca da quebra económica ou esixir o control público dos mesmos e fronte á bancarización das caixas, temos que defender a súa natureza xenuína como instrumento de subministro de financiamento da economía do país e apoio ás políticas económicas do Goberno galego.

**Hai que marcar liñas moi claras doutro modelo e doutro sistema de valores.**

Co País desgobernado por unha auténtica panda, no medio dunha crise económica sistémica gobernada polo poder bancario que ten sometido ao Goberno do Estado que preferiu traizoar o mandato cidadán antes que resistirse aos ditados dos mercados, o Encontro Irmandiño está a celebrar a IIIª Asemblea en diálogo aberto coa cidadanía e dentro do propio proceso, contribuíndo a suscitar un debate nacional sobre as alternativas á crise e ao desmantelamento e destrución de Galiza.

Neste sentido o enorme éxito das conferencias de Beiras en Bueu, Vigo ou Caldas de Reis, mostran que queda moito por diante pero é necesario convencer á maioría social do País, de que é precisa outra alternativa á crise que a que ditan os especuladores que a provocaron.

## **III ASEMBLEA NACIONAL DO ENCONTRO IRMANDIÑO**

**Ábrimos un proceso entre os nosos militantes co obxectivo de repensar e reformular se for preciso a definición e a estrutura do mesmo para converterse nun suxeito político pleno (forza política).**

Este proceso ten tamén a pretensión de abrir o Encontro a aqueles nacionalistas de esquerda que se vaian incorporando nas sucesivas fases previstas, resultando no só unha mellor e máis acaída definición e organización do EI, senón tamén un engrosamento das nosas filas.

### **Fase territorial**

Presentacións abertas do EI en distintas localidades para dar a coñecer o punto de partida o os obxectivos do Proceso da 3ª Asemblea. Recolleranse opinións e suxestións e de incorporacións ao proceso.

### **Fase nacional**

Primeira Xornada.

Debate entre os militantes do Encontro e coa participación de novos simpatizantes e interesados. Conclusións sobre:

- Sobre a situación política do País e do nacionalismo. Conclusións.
- Sobre o modelo organizativo. Conclusións organizativas para o novo referente político

### **Segunda Xornada**

Debate de novo aberto a novos simpatizantes e constitución do suxeito político polos que estean integrados no EI dende o remate da primeira xornada.



# A CRISE: DIAGNOSE E ALTERNATIVAS

(\* Notas de caderno dun asistente ás conferencias de XM Beiras sobre a crise)

## 1. DIAGNOSE

**A índole da crise é financeira** dende que hai dous anos creba o sistema financeiro mundial, pero ven precedida de crises financeiras anteriores: Tigres asiáticos, millo de México, etc. e tamén dende moito antes: decenios de perda de poder adquisitivo. Non é unha crise conxuntural é estrutural. Non é so a fachada do edificio a que presenta fendas, son as traves mestras as que fallan.

Non é a crise do modelo neoliberal como din todos agora, da globalización. Non é unha crise máis do capitalismo como a de entre guerras que se resolveu coa aplicacións de políticas Keynesiáns comezando pola "eutanasia dos rentistas" e rematou coa IIª Gerra Mundial e a creación do FMI e o Banco Mundial.

Este sistema monetario nado coa fin da Iª gran guerra, durou até 1972 cando a crise do petróleo provoca que o Goberno USA de Nixon abandone o patrón ouro, substituído polo dólar e convertendo dende aquela ao resto dos estados do mundo en tributarios. É nese momento cando arranca a crise de hoxe que precedida de varias crises monetarias, como as fumarolas dun volcán, acabou por rebentar hai dous anos en Wall Street. “

**Estamos pois a vivir a fase definitiva, o rebentón, dunha crise que arrancou hai 40 anos.**

Non é unha crise nova no sistema capitalista pero tampouco é como a crise do 29 coa que se adoita comparar. Non, a crise máis análoga a que estamos hoxe vivindo, esta que arranca dos anos setenta é a crise finisecular do Século XIX que comezou no 1873 e durou até a guerra do 14 ao 18. Como

explicou, Giovanni Arrighi un dos grandes cabezas pensantes da análise do sistema, a crise de 1873 en diante foi a crise da hexemonía británica no sistema económico mundial no que atinxe á economía real, á economía produtiva, pero coa libra esterlina aínda, como moeda de referencia do sistema monetario internacional.

Esa crise de hexemonía británica de todo ese período é o precedente máis claro da crise actual que é a crise da hexemonía dos USA no sistema económico mundial pero co dólar aínda como moeda de referencia sustentada no poder militar e coa correlativa financeirización da economía.

Estamos nun caos sistémico como o vivido dende 1918 a 1945 que como daquela atinxe a todos os niveis de organización da sociedade, crise do sistema económico, do social e do político. É isto o que explica por que está en crise o modelo de estado democrático liberal que arranca na revolución francesa e durou até hoxe no noso espazo.

**Os estados xa non fan nada do que queren a maioría dos cidadáns senón que fan o que os grandes poderes queren que fagan.**

Mesmo os dogmas da ideoloxía neoliberal que non permitía dar subvencións públicas aos estaleiros porque había que deixar aos mercados que se regulasen, son abandonados cando se trata de salvar aos banqueiros en dificultades. **Estamos ante a crise dos estados soberanos.** E isto para unha nación sen estado como Galiza aínda é máis grave

Asistimos a un réxime político en descomposición que se manifesta de xeito distinto en Alemaña que en Grecia, e Francia que en Portugal e veremos como remata no Estado Español.

Se contemplamos o conxunto do sistema- mundo, e non so o Estado Español ou Europa senón o mundo, en palabras de Susan George a crise ten tres dimensións: o diñeiro, a desigualdade e o clima:

Na dimensión económica a crise financeira é o síntoma da crise sistémica.

**A crise da desigualdade é a crise do sistema social.**

Se hai 40 anos o 10% da poboación tiña o 40% da riqueza, hoxe o 10% ten o 70% da mesma ou dos ingresos, aumentando non so as desigualdades a nivel mundial senón as bolsas de pobreza que xurdiron no centro do sistema onde cada día medran os continxentes de excluídos.

**A crise da biosfera**

Se reparamos que segundo os especialistas a civilización do petróleo ten un horizonte de dez anos até que o petróleo sexa tan escaso que teña prezos astronómicos ou mesmo se produza un colapso por esgotamento dun recurso que a historia xeolóxica



do planeta acumulou en millóns e millóns de anos. Estamos chegando a un punto de colisión total entre a lóxica de asignación de recurso do sistema capitalista e as leis que rexen a biosfera e os ecosistemas.

Este aspecto ecolóxico da crise é o máis grave. Cando nos preguntamos se existe modelo alternativo ao capitalismo, cando nos preguntamos se existe un modelo de organización social e económica mellor ou menos malo que o capitalismo, son preguntas lóxicas que en realidade son retos para os que aínda non temos unha resposta. E é posíbel que a humanidade non sexa capaz



de dar unha resposta, pero o que si empeza a aparecer cada vez con máis credibilidade é que se a sociedade, a xente do común non somos quen de mudar o sistema nuns cantos decenios, o que si está claro é que o capitalismo acabará co planeta e entón da igual porque como se acaba o planeta acábase o capitalismo a non ser que sobreviva no planeta Marte onde dis que atoparon auga. É o fin dun sistema que fai cos recursos o mesmo que cos traballadores. Esa irracionalidade absoluta é a que marca a fronteira máis grave da crise. Estamos no caos sistémico que se abre na fase terminal da hexemonía dunha potencia ou dun grupo de potencias.

## 2. ALTERNATIVAS

### A resposta de esquerda social

As respostas á crise, como resposta da esquerda social, a única resposta que se está dando a nivel mundial é a do que se deu en chamar movementos antiglobalización

ou alterglobalizadores que son unha constelación de movementos que xurdiron en temas moi específicos, moi semellante a como xurdiu “Nunca Mais” que non saíu da nada, senón de movementos preexistentes como as comunidades de montes, confrarías, ecoloxistas, sindicatos que diante do esmendrellamento do poder do estado se xuntaron para combater a marea negra.

Ese foi o xeito en que se foi articulando o movemento altermundista. Esa é a resposta da esquerda social, a única que se está dando e que puxo en xaque algunhas cousas e impediu determinados avances peores aínda para toda a humanidade da Organización Mundial de Comercio e determinados acordos do FMI. Pero sobre todo en determinados países foi o pulmón que deu osíxeno a determinados cambios sociais como en Bolivia.

Pero o problema desa esquerda social é que non foi aínda capaz de lanzar, de proxectar unha estratexia política. Non foi quen de saltar á instancia política que é onde se deciden as cousas.

### A resposta da esquerda política.

A esquerda política é inane en termos xerais. Hai excepcións de grupos políticos e dalgúns gobernos, pero en conxunto, sobre todo no centro do sistema, en Europa a esquerda é absolutamente ineficiente. Non ten nin proxecto para cambiar o sistema nin ten coraxe para defender o compromiso de fideicomiso contraído cos seus electores. Sequera no que atinxe a política interna dos países que goberna, a esquerda europea non é quen de contradicir os ditados do capital bancario e asumen o papel do monco do ventríloco deixando desamparada no plano político á esquerda social.

A resposta á crise portando depende en exclusiva ou primordialmente de que nos organicemos e exerzamos como cidadáns. Temos que ser conscientes de que as liberdades custaron moito sangue, moitos exilios e moitos anos de cadea de moita xente e moita pobreza, moitas vidas na miseria e moita expatriación forzosa en milleiros e milleiros e milleiros na emigración.

A xente moza ten que saber que iso non foi de balde.

E os que xa teñen máis idade han saber que as liberdades e os dereitos unha vez conquistados, so si se exercen acotío conserváremolos, senón róbannolos e convértennos de cidadáns activos en cidadáns pasivos como xa fixera a contrarrevolución despois da revolución francesa.

Isto é o que nos están a facer hoxe, mediante a manipulación mediática, as oligarquías que se instalan nas organizacións políticas e as coaccións que se exercen dende os poderes económicos sobre as organizacións políticas e mesmo dentro das organizacións políticas a paulatina conversión de boa parte da súa base militante en cidadáns pasivos como cando se substituíu a participación directa polo sistema dos delegados no BNG.

**Non nos queda outra que a rebelión cívica pero organizada!**

## I ENCONTRO DE VERÁN / SOBER 7 DE AGOSTO

### Encontro na Praza do Concello de Sober.

**12:30 h.** Visita guiada aos petróglifos, igrexa románica e pobo de Proendos.

**14:30 h.** Xantar na área histórico-natural de Cadeiras, con animación musical. [www.revoltairmandinha.blogspot.com](http://www.revoltairmandinha.blogspot.com)

T A R D E

**18:00 h.** Homenaxe a Uxío Novoneyra. Lectura compartida en Cadeiras.

**19:00 h.** Visita a unha adega.

**20:30 h.** Lembranza das persoas asasinadas en Sober no 36.

**20:30 h.** Charla-coloquio.

A crise: consecuencias e alternativas.

Xosé Manuel Beiras Torrado.

\* Inscrición (antes do 1 de agosto) e máis información:

[revolta\\_irmandinha@hotmail.es](mailto:revolta_irmandinha@hotmail.es)

\* Prezo do xantar: 16 ¢

\* Para os actos da tarde, que serán na vila de Sober, non é preciso inscribirse previamente.

## PRINCIPIOS ÉTICOS E IDEOLÓXICOS DO ENCONTRO IRMANDIÑO

- 1. A ética na política.** Sen ética non hai democracia, e na esquerda, ética de esquerdas.
- 2. Fraternidade,** no senso da hexemonía da “lei civil”. A fraternidade significa politicamente o principio da cidadanía igualitaria como alicerce da estruturación política democrática da sociedade, significa democracia horizontal. Nunha organización política ven significar asemblearismo.
- 3. Cooperación,** como valor antitético da “competición”. Afirmamos que non pode haber socialismo nin esquerda sen que as pautas de conduta individual e de relación social consistan na cooperación. Afirmamos que, sen esa condición, nin sequera pode haber democracia, non hai esquerda que poida sobrevivir coa competición no seu seo.
- 4. República.** A república é unha forma de civilización e cultura socio-políticas. Asumimos a república como cultura civico-política, non só como configuración do aparello do poder político e do Estado. O nacionalismo galego foi sempre explicitamente republicano e non pode ser doutro xeito.
- 5. Democracia participativa.** Sen democracia participativa non hai democracia posíbel. Sen participación a democracia representativa esclerotízase e deriva en oligarquía, os partidos convértense en “aparatos” e as cámaras de representantes en parodias. Propugnamos reconstruír pontes entre a cidadanía e a instancia política, cos seus piares no tecido asociativo horizontal e diverso da cidadanía.
- 6. Primacía dos dereitos colectivos.** Porque a alternativa á asunción deste valor non é outra que o “sálvese quen poda”, a negación mesma da organización social.
- 7. Igualitarismo.** Este valor está proclamado en todas as constitucións políticas e cartas de dereitos fundamentais de todos os estados e institucións internacionais. Sen embargo a desigualdade agrávase, convertendo en papel mollado estas proclamas. Referímonos especialmente á desigualdade perante a lei -e non só as desigualdades económicas, sociais e culturais- ou sexa, ao principio democrático da “igualdade perante a lei”. Ao tempo proclamamos que non pode existir igualdade sen dereito á diferenza e respecto da diversidade.
- 8.** E necesario tamén tomar conciencia das situacións de discriminación por razóns de xénero; e moverse para a superación das mesmas: non pode haber igualdade ante a lei senón hai tamén igualdade real entre os individuos dunha sociedade.
- 9. Autodeterminación cara a independencia.** Só o combate pola nosa autodeterminación como pobo, orientada cara a independencia, poderá chegar a algures, só esa actitude suscitará respecto cara nós e os nosos dereitos cívico-políticos. Compre elevar o ángulo de tiro na nosa pacífica e cívica proposta para chegarmos alén das posicións que defenden o actual marco xurídico – político, e, dende aí, sempre estaremos a tempo de negociar, se se acepta o uso da razón para acadar solución satisfactoria para a nosa reivindicación nacional.
- 10. Socialización.** Non pode haber democracia real e efectiva sen socialización como eixo do avance histórico dos pobos. A socialización é un proceso constante de aprendizaxe da convivencia, en interacción co seu contorno, non pode consistir na simple nacionalización ou colectivización das unidades e medios de produción, nin cinxirse á instancia económica de sociedade. Compre un debate de ideas amplo e veraz sobre a socialización e o socialismo na Galiza de hoxe e na conciencia nacionalista na presente conxuntura histórica.
- 11. Home novo/muller nova, unha nova cultura.** O logro do “home novo” e a “muller nova”, dun novo humanismo, constitúe o cerne de todo proceso revolucionario. Nós consideramos que todo nacionalismo emancipador é, no seu cerne, revolucionario. Xa era así na revolución irmandiña galega do século XV, na que os nosos ancestros servos, procuraban ao seu xeito o nacemento do “home novo” nas condicións do seu propio tempo histórico. Esa revolución pioneira na Europa de entón deixou unha pegada indelével na que, máis tarde, chegaría a ser a cultura do nacionalismo galego.